



MODALIDADE 2. Proxectos de investigación dirixidos por profesorado dun grupo internivelar.

SUMARIO:

- a) Introducción, xustificación e planificación.
 - b) Obxecto ou temática de investigación propostos.
 - c) Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.
 - d) Documentación elaborada para profesorado e alumnado.
 - e) Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.
 - f) Recursos utilizados, así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.
 - g) Implicación da comunidade educativa, no seu caso.
 - h) Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.
 - i) Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.
 - j) Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.
- a) Introducción, xustificación e planificación.**

O Colexio de Cervo está situado na vila do mesmo nome, na Mariña Lucense, a carón do complexo artístico e industrial de Sargadelos; o cal imprime dunha personalidade especial ao centro. Somos un colexio rural





dunha soa liña, cunha matrícula de 123 alumnos e alumnas procedentes da capitalidade do concello, das súas parroquias e dos concellos limítrofes. O claustro está formado por 17 mestras e mestres, todos definitivos, o que facilita a continuidade no traballo nos diferentes proxectos así como a coordinación. Sempre participamos en proxectos de formación e de innovación, normalmente baixo a coordinación da biblioteca, o noso centro creativo de aprendizaxes.

No ano 2008 comezamos a formar parte do PLAMBE, no 2010 recibimos un Premio de Boas Prácticas do MEC e nos anos 2016/17, 2018/19 e 21/22 fóronnos outorgados Premios Autonómicos ao traballo por proxectos coordinados pola biblioteca escolar. Tamén formamos parte dos proxectos de Biblioteca Creativa, Radio na Biblio, Clubs de Lectura e Lectura e Familias. Por último, grazas ao [LIA.2](#) pasamos a ter a biblioteca dos nosos soños a través dunha reforma integral do seu espazo.

Neste contexto, dentro do 3º ciclo de EP cun total de 25 alumnos/as (13 en 6º EP e 12 en 5ºEP e cunha tasa de NEAE dun 28%) levamos a cabo outros pequenos proxectos de investigación relacionados co eixe central do PDI que coordina a biblioteca, realizando unha concreción curricular axeitada ao noso alumnado, partindo das liñas prioritarias do proxecto que se incorporan ás nosas Programacións Didácticas e elaborando materiais e adaptando outros. Tamén deseñamos e organizamos outras actividades complementarias que nos axudaron a acadar os obxectivos plantexados para o noso ciclo dentro dese PDI e tamén, polo tanto, no currículo dos dous niveis.

Neste curso escolar, o PDI desenvolve a partir da biblioteca chamouse “O MUSEO DAS LETRAS”. A través del pretendíamos observar, investigar e descubrir como foi evolucionando a escritura dende a súa aparición ata a actualidade, valorando diferentes maneiras de comunicarnos, dende os xeroglifos exipcios e a escritura cuneiforme ata o emprego de emoticonas e, porque non, da intelixencia artificial. Tamén se pretendía afondar sobre a importancia que tiveron as bibliotecas ao longo da historia e como foi evolucionando o seu concepto, así como dar a coñecer as máis relevantes de todos os tempos. No mesmo senso, foi obxecto de investigación os diferentes soportes e útiles empregados ao longo dos séculos para a ESCRITURA. Este





proxecto atopábase relacionado tamén coa temática anual proposta pola Asesoría de Bibliotecas: [Escribir a biblioteca escolar](#).

Así pois, este foi o contexto inicial no que se fraguou o que sería o noso pequeno proxecto de investigación. O proceso de planificación comezou a través da inclusión das liñas prioritarias de actuación da biblioteca nas nosas programación didácticas do nivel, a partir diso decidimos concretar o que sería o noso campo de investigación e estudo que consistiría en facer un percorrido histórico a través das diferentes etapas coñecendo os fitos máis importantes de cada unha delas e prestando especial atención á aparición e evolución da escritura así como á evolución do concepto de biblioteca dende a antigüidade e tratar de dar a coñecer as máis importantes de todos os tempos. Os produtos finais de todo este PERCORRIDO serían presentados a toda a Comunidade Educativa nas xornadas de apertura [do NOSO MUSEO DAS LETRAS](#), concretamente na sala asignada a 5º e 6º de Primaria: SALA DA HISTORIA DAS BIBLIOTECAS.

Para a integración curricular partimos, en de 6º de EP, do D 105/2014 do 4 de setembro e en 5º de EP no D 155/2022, do 15 de setembro. Ambos establecen para este curso o Currículo de Primaria en Galicia.

OBXECTIVOS XERAIS:

- Definir que é a Historia, partindo da nosa propia e e recoñecer como os acontecementos do pasado poden influir no presente valorando a utilidade do tempo histórico.
- Coñecer os diferentes conceptos cronolóxicos empregados para medir o tempo. Traballar as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade, para ordenar e localizar temporalmente feitos históricos.
- Coñecer as fontes históricas e os grandes periodos da Historia, así como os diferentes criterios para establecelos e os feitos máis significativos dentro dos mesmos.
- Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas de vida no pasado, valorando a importancia do patrimonio histórico e a necesidade da súa correcta conservación.
- Coñecer, entender e valorar a gran evolución da escritura dende a antigüidade ata os nosos días e a súa importancia.





- Sensibilizarse sobre o valor do papel das bibliotecas ao longo das diferentes etapas históricas e coñecer aquelas máis importantes e recoñecidas.
- Valorar o legado cultural das diferentes civilizacións, en especial da escritura e das bibliotecas.
- Iniciarse na metodoloxía e preparación dunha visita guiada pola sala “Historia das Bibliotecas” do noso Museo das Letras para toda a Comunidade Educativa.
- Desenvolver a competencia ALFIN/AMI do noso alumnado entre outras CClave.
- Atender á diversidade nun contexto de inclusión, afianzando un sentimento de pertenza ao ciclo e potenciar a convivencia positiva do grupo internivel, compensando desigualdades e apoiando a labor da biblioteca como motor cultural para a Comunidade Educativa.

- **Relación dos elementos curriculares:**

Contidos	Crterios de avaliación	C. Clave
B4.1. As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan. (Especial relevancia aparición da escrita) B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación.	B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSC CAA CCEC CCL CMCCT
B4.3.O tempo histórico e a súa medida: Prehistoria, Idade Antiga e Idade Media na Península Ibérica. B4.4.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia e a aparición das diferentes bibliotecas.	B4.2. Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes. CA1.1. Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede.	CSC CMCCT CAA CCEC
• España e Galicia na Idade Moderna e os grandes descubrimentos.	CA1.3. Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, usando os criterios de fiabilidade de fontes, adquirindo léxico científico básico, utilizándoa en investigacións relacionadas co medio natural, social e cultural.	CCL STEM CD CC
• B4.6. España na Idade Contemporánea • B4.8. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.	B4.3. Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global	CMCCT CSC CCEC CSC CAA





• B4.10.O Mundo Actual.	da súa evolución.	CCL
• B1.3.Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións. B1.4.Desenvolvemento de estratexias para organizar, asimilar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.	B1.2.Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.	CD CAA CCL CMCCT CSC
• B4.13.Museos, bibliotecas e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.	B4.5.Valorar a importancia dos museos, bibliotecas e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.	CSC CCEC CAA
• A expresión oral e escrita.	B1.1. Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet. B1.2. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe. B3.7. Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. B1.7. Amosar interese por expresarse en público.	CCL CD CAA CCL CSC
• As emoticonas.- Os pictogramas.- Linguaxe xestual e corporal como outro medio de comunicación. • Saber Observar o Patrimonio da Humanidade: A Unesco.	B2.1.Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo. B2.3.Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural cunha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	CAA CCL CSC
• As linguaxes de programación como outra forma de escritura moderna.	Coñecer e experimentar con Scratch e “programar” un videoxogo e un xogo de preguntas e respostas valorando as linguaxes de programación como forma de escritura.	CAA CCL CSC CD

- **Temporalización e calendario para as tarefas previstas**

Este proxecto desenvolveuse ao longo de todo este curso escolar dentro dos niveis de 5º e 6º de Primaria e de xeito interdisciplinar e integrado nas distintas materias. O PUNTO DE PARTIDA comezou no primeiro trimestre, a raíz do PDI proposto pola Biblioteca e do [INFOPUCA](#) lanzado á comunidade educativa como elemento MOTIVACIONAL. A partir dese momento o noso Equipo de Ciclo, en gran parte membros do Equipo de Biblioteca, planificou e temporalizou o que sería este pequeno proxecto documental e de investigación.





Así decidimos que adicaríamos o 1º trimestre a profundar na Prehistoria e a Idade Antiga, facendo especial fincapé nos fitos máis importantes e na **aparición e evolución da escritura**: Mesopotamia e Exipto, principalmente. Adicamos o 2º trimestre a traballar a Idade Media e a Idade Moderna e, no terceiro trimestre, a Idade Contemporánea; as dúas últimas dun xeito máis estrito en 6º de Primaria; por estar máis presentes no curriculum.

b) **Obxecto ou temática de investigación propostos.**

A temática de investigación pasaba por realizar un paseo ao longo da historia, ao longo das diferentes etapas e prestando especial atención aos inicios e a evolución da ESCRITURA, aos fitos máis relevantes e ao papel das BIBLIOTECAS ao longo da HISTORIA, facendo fincapé na súa importancia e naquelas máis coñecidas e valoradas. Esta investigación está contextualizada dentro do currículo de 5º e 6º de Primaria dun xeito interdisciplinar nas áreas de CCSS, LG, Plástica e ITI; principalmente, e tamén noutras como matemáticas, LC e Lingua Estranxeira.

A medida que fomos atravesando as diferentes etapas fomos descubrindo diferentes soportes e útiles de escritura así como as BIBLIOTECAS máis importantes e máis coñecidas de todos os tempos; o que nos levou a crear unha das nosas producións, un **libro colaborativo**, a partir dun MURO COLABORATIVO DIXITAL, que recolle a HISTORIA DAS BIBLIOTECAS: COÑECER O PASADO PARA ESCRIBIR O FUTURO e as AUDIOGUÍAS do mesmo, e que pasou a formar parte do catálogo de Bibliocervo e tamén da nosa sala do MUSEO DAS LETRAS. A apertura deste Museo e da nosa sala da HISTORIA DAS BIBLIOTECAS, como actividade final de relevancia social, é onde se recolle en formato LIÑA DO TEMPO e QR (actividades dixitalizadas) todas as aprendizaxes realizadas polo alumnado e das que tivo que dar conta ás familias e resto da comunidade educativa que por alí pasou a visitala durante os días 19 e 20 de xuño de 2023 tanto en xornada de mañá como de tarde.

c) **Breve descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta.**

No 3º ciclo empregamos o Entorno Virtual de Aprendizaxe que nos ofrece E_Dixgal e dentro del programamos e temporalizamos o proceso de E-A a modo de Escenarios de Aprendizaxe (Scenario Tool) incorporando materiais variados. Algúns deles son adaptacións de recursos existentes das SmartClassroom, de Aula "UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA: EVOLUCIÓN DA ESCRITURA E DAS BIBLIOTECAS". 5º/6º EP





Planeta..., pero outros moitos son creados atendendo ás necesidades do noso alumnado e coa finalidade de atender á diversidade, baixo a premisa do emprego de metodoloxías activas, inclusivas e contextualizadas; onde o papel protagonista no proceso de E-A recae no alumnado e as mestras actuamos como guías e mediadoras do propio proceso; coa finalidade de que aprendizaxe teña un fundamento competencial e se fomenta, de maneira evidente, a multialfabetización do alumnado, a autonomía e o pensamento crítico e reflexivo. Dunha maneira máis xeral, aproveitamos para facilitar a comprensión dos feitos máis importantes da nosa historia ao noso alumnado coa finalidade de que iso lles permitirá comprender moito mellor o mundo no que viven na actualidade e posiblemente, como futuros adultos, lles axude a tomar decisións que non arrastren ós mesmos erros que se cometeron no pasado.

A Biblioteca escolar, como centro creativo de aprendizaxes, ofreceunos todos os recursos dos que conta, así como a axuda precisa para desenvolver cada unha das actividades plantexadas ao longo de todo este proxecto. Tamén foi un recurso imprescindible para realizar a avaliación do propio proxecto e da nosa concreción curricular, posto que a partir da valoración polas familias, profesorado e alumnado do Museo das Letras e das diferentes Salas aportounos parte da retroalimentación precisa para avaliar o proceso e o produto deste proxecto de investigación.

Debemos ter en conta que cando na vida das persoas ocorreu un acontecemento de moita importancia para toda a humanidade as formas de vivir cambiaron, os historiadores din que finalizou unha época e comezou outra. Así finalizou a PREHISTORIA e comezou a HISTORIA: cando o ser humano descubriu a escritura e puido deixar por escrito a narración dos acontecementos. Gracias aos textos escritos que se foron deixando, hoxe en día podemos saber con maior exactitude que é o que ocorreu no pasado. A LECTURA destes textos apórtannos COÑECEMENTO. E o noso alumnado está ávido de coñecemento e por ende, de LECTURA. Así tamén incorporamos libros de literatura infanto-xuvenil relacionados coa temática aos itinerarios lectores de cada un dos niveis do ciclo e creamos materiais para traballar a partir deles dentro das áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá como se mostrará máis adiante.





d) Documentación elaborada para profesorado e alumnado.

Cabe resaltar que a primeira documentación elaborada foron as PROGRAMACIÓNS DE NIVEL, de xeito coordinado a través das xuntanzas de ciclo. Logo o resto da documentación, en relación a este proxecto, aloxámola dentro do EVA creando seccións específicas para cada unha das etapas históricas que se ían a traballar onde se ían recompilando materiais precisos para o proceso de E-A do día a día; baixo o título: **UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA**. Nas seguintes ligazóns pódese observar algún exemplo: [ligazón 1](#) e [ligazón 2](#).

- UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA: A PREHISTORIA E A IDADE ANTIGA
- UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA II: 3. A Idade Media
- UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA III: 4. Idade Moderna
- UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA IV: 5. A IDADE CONTEMPORÁNEA

Tamén creamos un [PUCA QUERE SABER SOBRE... A EVOLUCIÓN DA ESCRITURA E A HISTORIA DAS](#)



BIBLIOTECAS, que foi o documento de partida do proxecto para o alumnado. Tamén se habilitaron dous **MUROS COLABORATIVOS (PADLET)**, un onde recolleríamos a información sobre a HISTORIA DAS BIBLIOTECAS elixidas polo

Mi Materia

MUSEO DAS LETRAS: HISTORIA DAS BIBLIOTECAS

- 1 PUCA QUERE SABER SOBRE... HISTORIA DAS BIBLIOTECAS
- 2 MURO COLABORATIVO "HISTORIA DAS BIBLIOTECAS"
- 3 LIÑA DO TEMPO "HISTORIA DAS BIBLIOTECAS"
- 4 FICHA BIBLIOTECAS HISTÓRICAS
- 5 AUDIO DA NOSA BIBLIOTECA

Hacer QR

QR con nombre de la biblioteca

alumnado e as audioguías accesibles a través de QR (Audacity) e outro

onde se recollería a LIÑA DO TEMPO DIXITAL, previa á física (situada posteriormente na SALA DO MUSEO), onde se situarían historicamente cada **PALEOLÍTICO, NEOLÍTICO E IDADE DOS METAIS NA MARIÑA** unha das bibliotecas.

PALEOLÍTICO, NEOLÍTICO E IDADE DOS METAIS NA MARIÑA



Así, para a investigación sobre a **PREHISTORIA** adaptáronse materiais ([Ligazón 1](#), [Ligazón 2](#)) e

creáronse outros, tanto para o alumnado con NEAE como para acadar cada un dos obxectivos plantexados sobre esta etapa. A modo de exemplo: [O](#)

[Paleolítico, Neolítico e Idade dos Metais na Mariña Lucense](#) ou unha [presentación colaborativa sobre as diferentes etapas da Prehistoria](#)

elaborada polo alumnado de 6º.

TORRE DE HÉRCULES

- **Época:** A Torre de Hércules foi construída na época do emperador romano Trajano que gobernou no ano 98 ata o 117 d.c, é dicir, no século I d.c.
- **Ubicación:** Está ubicada na cidade da Coruña as súas coordenadas son .
- **Uso:** A Torre de Hércules foi o único faro romano, servía de sinal marítima e instrumento de navegación para as embarcacións que, na súa viaxe, atravesaban o corredor atlántico.
- **Características:** Construírona con rocha granítica, é dicir granito.
- **Ten 4 bóvedas.** O suelo está feito de grandes lousas de granito colocadas en forma de T. Antes de reformala tiña un corpo de prisma con base cadrada. No exterior tiña un muro de pedra con dúas portas na parte baixa e tiña unhas ventás asimétricas.
- **Datos Relevantes:** A lenda conta que houbo un xigante chamado Xerión que obrigaba aos seus súbditos a entregarlle a metade dos seus bens, incluíndo aos seus fillos. Un día os súbditos decidiron pedirlle axuda a Hércules, que retou ao xigante a unha pelea que Hércules gañou. Despois enterrouno e levantou a Torre que coronou cunha gran antorcha. Cerca desta Torre fundou unha cidade.
- Outro dato de interese é que a Torre mide 55 metros.

IMAXES

CULTURA CASTREXA

A cultura castrexa comezou no 500 a.C.
Na cultura castrexa os poboados estaban en zonas altas e fortificados. Isto facíano para protexerse dos atacantes. As casas tiñan unha planta redonda, pero algunhas eran cadradas. A sociedade na cultura castrexa estaba dirixida por líderes en cada poboados. Estes poboados chamábanse **castros**.
Alimentábanse e vivían da agricultura, da pesca e da marisqueira na costa, da caza e a gandaría. Para decorar as casas esculpían esculturas. Tamén cos metais facían xoiás como por exemplo "O Torque" de Burela, que actualmente se atopa no Museo Provincial de Lugo.





No caso da **IDADE ANTIGA**, tamén se adaptaron materiais a modo de UDI ([Liqazón 1](#), [Liqazón 2](#)) e se crearon outros como unha presentación colaborativa a partir da investigación realizada polo alumnado sobre [Monumentos de orixe romana en Hispania](#) ou murais e Lapbook sobre a civilización exipcia. Tamén se organizou un [OBRADOIRO DE ESCRITURA EXIPCIA](#).



A ESCRITURA: O INICIO DA HISTORIA

A **ESCRITURA** REPRESENTA UN DOS MAIORES LOGROS DA HUMANIDADE.

NACEU ARREDOR DO 3500 A. C. EN **MESOPOTAMIA**, E POUCO DESPOIS, A FINAIS DO IV MILENIO A. C., DESENVOLVEUSE EN **EXIPTO**.

A ESCRITURA NACE POLA NECESIDADE DO PODER POLÍTICO DE LEVAR UNHA CONTABILIDADE, DE ELABORAR LEIS POR ESCRITO OU MESMO PARA DEIXAR CONSTANCIA DA SÚA EXISTENCIA COMO POBO.

AS ESCRITURAS MESOPOTÁMICAS E EXIPCIA ERAN BASTANTE DIFERENTES.

EN MESOPOTAMIA DEUSE UN TIPO DE ESCRITURA DENOMINADO ESCRITURA CUNEIFORME, QUE SE REALIZABA FACENDO INCISIONS CUNHA CANA AFIADA EN FORMA DE CUÑA SOBRE TABOAS DE ARXILA HÚMIDA, UNHA VEZ ESCRITOS OS CARACTERES, ERA NECESARIO PÖNER AS TABOAS A SECAR AO SOL DURANTE VARIOS DÍAS.

EN EXIPTO A ESCRITURA ERA XEROGLÍFICA E REPRESENTABA AS PALABRAS MEDIANTE DEBUXOS DE FIGURAS: SÍMBOLOS, ANIMAIS... OS SOPORTES EMPREGADOS ERAN O PAPIRO OU A PIEDRA. PARA ESCRIBIR SOBRE ELLES SERVÍANSE DE PINCEIS E TINTA OU CICEIS E MARTELOS, RESPECTIVAMENTE. PERO A ESCRITURA NON ERA ALGO COMÚN, XA QUE NO MUNDO ANTIGO SOAMENTE UNS POUCOS COÑECÍAN A TÉCNICA. ESTAS PERSOAS CHAMÁBANSE **ESCRIBAS**: POLA SÚA VALÍA, PERTENCÍAN AO GRUPO SOCIAL DOS PRIVILEXIADOS, PORQUE NON SÓ ESCRIBÍAN, SENÓN QUE TAMÉN AXUDABAN O MONARCA NAS SÚAS LABORES DE GOBERNO.

PARA SABER MÁIS SOBRE A EVOLUCIÓN DA ESCRITURA:

RedHistoria Postposm RH INICIAÇÃO DA HISTÓRIA

WIKIPEDIA A enciclopedia libre HISTORIA NATIONAL GEOGRAPHIC

Documentádevos nas diferentes fontes de información que tes ao teu dispor, localizade aquelas ideas que vos resultan de interese e deseñade unha **PRESENTACIÓN COLABORATIVA** OU **PROGRAMA DE RADIO** sobre a **ORIXE E EVOLUCIÓN DA ESCRITURA** ao longo da historia.

POSIBLES ASPECTOS A TER EN CONTA:

- QUE É A ESCRITURA? CANDO, ONDE E POR QUE XURDE?
- O ALFABETO EXIPCIO, OS ESCRIBAS E A PEDRA ROSSETA.
- O ALFABETO FENICIO E GREGO.
- A ESCRITURA DA CIVILIZACIÓN MAIA.
- O ALFABETO LATINO E A ESCRITURA ROMANA
- A APARICIÓN DA IMPRENTA

LOGO CREAREMOS UN CÓDIGO QR DO PRODUTO FINAL PARA O NOSO MUSEO DAS LETRAS.

GRAZAS Á **PEDRA ROSSETA** PUIDERON SER TRADUCIDOS OS XEROGLÍFICOS EXIPCIOS. ATREVÉSTE A ESCRIBIR O TEU NOME?


Tu nome:

Tradución a escritura Xeroglífica:

Para centrarnos na **aparición da ESCRITURA** e dar paso á Historia propuxémoslles ao alumnado varias tarefas de investigación sobre a súa aparición e a **Pedra Rosseta** que culminaría na produción dun programa de radio na biblio durante un **VENRES DE RADIO**.

Para a **Idade Media**, ademais dos recursos

videográficos e bibliográficos que se centralizaron no EVA e no recuncho da “biblioteca de aula temporal” (libros Bibliocervo axeitados á temática) necesarios para que o alumnado fixera un percorrido por esta etapa e creara o seu **LIBRO MEDIEVAL**, creouse un documento de [MATEMÁTICAS MEDIEVAIS](#) para integrar na



materia. Tamén se fixo material adaptado para unha ACS. Para traballar [a Idade Moderna](#) seguiuise a mesma dinámica,

Juana I

Juana I de Castela chamada Juana la Loca naceu en Toledo no ano 1479 e faleceu en Valladolid no 1555.

Era a terceira filla dos Reis Católicos, que a casaron con Felipe o Fermoso en 1496. A morte dos seus irmáns maiores e dun sobriño converteuse na herdadeira das Coroas de Castela e de Aragón desde o 1500. O mesmo ano no que foi coroada como herdadeira pois os Reis de Castela (1502) Empezou a manifestárelle unha enfermidade mental indeterminada. Segundo algúns puido deberse a intoxicación do seu marido, haxa o que sentia un amor apaixonado.

CARLOS III

Carlos III foi un Rei de España, de Nápoles e de Sicilia que naceu o 20 de xaneiro do 1716, en Madrid, España, e morreu o 14 de decembro do 1788 (século XVIII) no mesmo lugar.

Foi unha peza clave na loita por recuperar a influencia española en España en Italia.

Chamábanlle «O político» e era fillo de Felipe V.

partindo dun documento sobre o [QUE QUEREMOS SABER SOBRE ESTA ETAPA?](#) o alumnado levou a cabo un proceso de E-A activo, autónomo e guiado e o produto final elaborado foi unha presentación colaborativa: [QUEN É QUEN?](#) [PERSOAXES HISTÓRICAS FAMOSAS](#). Cabe resaltar que de todo produto se

ISAAC NEWTON

Isaac Newton (4 de xaneiro de 1643, Woolsthorpe Manor, Reino Unido) Foi un físico, teólogo, inventor, alquimista, e matemático inglés. Estableceu as bases da dinámica e descubriu a lei da gravitación universal. Ademais, estableceu as que son chamadas as tres leis de Newton: A lei da inercia**, A relación entre a forza e a aceleración*** e a lei da acción e a reacción****.

**m · y. Persoa que practicaba a alquimia.

*** F = Gm1m2/r2

**** a = Δv/Δt

realiza unha exposición oral para todo o alumnado implicado, e os asistentes plantexan as preguntas e propostas de mellora precisas.





AGUERRA CIVIL

1936 - 1939



1936-1939 ANO DE COMEZO E REMATE

A GUERRA CIVIL COMEZOU O ANO 1936 E REMATOU NO ANO 1939

1936

PORQUE COMEZA?

A GUERRA CIVIL COMEZOU CO GOLPE DE ESTADO DO XENERAL FRANCISCO FRANCO CONTRA O GOBERNO REPUBLICANO



1936

BANDOS
OS BANDOS QUE PARTICIPARON NESTA GUERRA FORON:
O BANDO REPUBLICANO: APOIADO POLO GOBERNO DA REPÚBLICA
O BANDO NACIONAL OU SUBLEBADO: APOIADO POLO XENERAL FRANCO

1939

BANDO VENCEDOR

O VANDO VENCEDOR NESTA GUERRA CIVIL FOI O BANDO NACIONAL OU SUBLEBADO

1939

CONSECUENCIAS
AS CONSECUENCIAS QUE TIPO STA GUERRA FORON DEVASTADORAS: MORTES DE MILS DE HOMENS, DESE ECONOMICA, SUIMINISTRACION DA CONSTITUCION UNICO PARTIDO POLITICO



No caso da **Idade Contemporánea**

plantexouse: [QUE QUEREMOS SABER?](#) E a

través dos recursos propostos polas

mestras no EVA e dos ofrecidos por

Bibliocervo o alumnado tivo a

oportunidade de experimentar co **VISUAL THINKING**. Nesta ocasión

pretendíamos que foran quen de reflexionar sobre as súas aprendizaxes acerca

dos grandes fitos desta época: I e II Guerra Mundial, Guerra Civil Española,

España, país democrático... e plasmalos nun [MURO COLABORATIVO](#). Para iso

atavesamos un proceso no que tivemos que achegar ao alumnado a esta



estratexia de pensamento e tamén seguimos traballando a CDixital

aprendendo o manexo do CANVA e a elaboración de INFOGRAFÍAS para

recoller as ideas principais.

Outra das tarefas plantexadas foi a investigación sobre o concepto de

BIBLIOTECA e como este foi evolucionando ao longo do tempo, así como

dar a coñecer e documentarse sobre as BIBLIOTECAS máis importantes

da historia.

Dentro do noso [ITINERARIO LECTOR DO CICLO](#) este ano traballamos o

libro "[MAXIA DE PEDRA](#)", contextualizado entre a Idade dos Metais e o

proceso de romanización en Galiza e o misterio arredor dun petroglifo

desaparecido, "[EL HILO DE CLARA](#)", sobre a biografía de CLARA

CAMPOAMOR, unha pioneira na loita a prol dos dereitos da muller e á

que moito temos que agradecer e tamén "[EL LADRÓN DE MINUTOS](#)",

onde se produce un misterio a partir dun roubo do tempo. Destes libros elaboramos os nosos [PLANS](#)

[LECTORES](#) para o alumnado.

e) **Relación das tarefas máis importantes realizadas ao longo do proxecto polo alumnado.**

"UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA: EVOLUCIÓN DA ESCRITURA E DAS BIBLIOTECAS". 5º/6º EP

Agora que xa coñecemos as ORIXES DA ESCRITURA E A SÚA EVOLUCIÓN, así como os INSTRUMENTOS e SOPORTES empregados, é o momento de plantexarnos as seguintes cuestións

Que é unha BIBLIOTECA? INTENDEDE DAR A DEFINICIÓN MAIS COMPLETA POSIBLE.

Cal credes que son as FINALIDADES principais das bibliotecas?

AS BIBLIOTECAS MÁIS IMPORTANTES E FAMOSAS DA HISTORIA

Nesta ocasión convidámos a que vos documentades e investigades sobre algunha das bibliotecas máis famosas e máis importantes da historia. Tamén poderedes ir observando como foron evolucionando a medida que pasaban os séculos.

Teredes que situálas no tempo e no espazo, explicar as súas características fundamentais e dicir por que destacan especialmente. Non olvidades incluír fotografías ou ligazóns no voso CARTAZ (A4 horizontal). Finalmente realizaremos unha POSTA EN COMÚN a través dun muro colaborativo (EVA). Situarémolas todas na LÍÑA DO TEMPO colaborativa. Tamén realizaremos AUDIOCIUÍAS para facer a exposición máis inclusiva e asignarémolle un código QR a cada unha das vosas producións orais e engadirémolas á LÍÑA DO TEMPO.

Outro produto final será un LIBRO COLABORATIVO, onde se recollera o resumo de todo o aprendido, incluíndo o cartaz de cada unha das bibliotecas.

A continuación fágovos algunha proposta de investigación, pero podedes buscar outras que vos xeren interese:

- BIBLIOTECA NACIONAL DE ESPAÑA VIDEO
- BIBLIOTECA DE ASURBANIPAL: ligazón 1, ligazón 2, ligazón 3
- BIBLIOTECA DE EBLA
- CASAS DOS LIBROS E CASAS DA VIDA EN EXIPTO: ligazón 1, ligazón 2, VIDEO
- BIBLIOTECA DE ALEXANDRIA: ligazón 1, ligazón 2
- BIBLIOTECA DE PÉRGAMO: ligazón 1
- BIBLIOTECAS NA ANTIGA GRCIA
- BIBLIOTECAS NA ANTIGA ROMA: PÓRTICO DE OCTAVIO, PALATINO E BIBLIOTECA ULPIA: ligazón 1, ligazón 2
- BIBLIOTECA DO CONGRESO DOS ESTADOS UNIDOS
- BIBLIOTECA "A VILLA DOS PAPIROS"
- BIBLIOTECA IMPERIAL DE CONSTANTINOPLA
- BIBLIOTECA "A CASA DA SABIDURIA" (BAGDAD): ligazón 1, ligazón 2
- BIBLIOTECA DO VATICANO
- BIBLIOTECA NACIONAL DE CHINA
- BIBLIOTECA NACIONAL DE SAN MARCOS (VENECIA): ligazón 1, ligazón 2
- BIBLIOTECA HERZOG ALCIST (ALEMANIA): ligazón 1
- BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DE OXFORD: ligazón 1, ligazón 2
- BIBLIOTECA DA UNIVERSIDADE DE COIMBRA
- TRINITY COLLEGE DE DUBLIN: fotos
- NOVA BIBLIOTECA ALEXANDRINA
- BIBLIOTECA DO MONASTERO DO ESCORIAL
- BIBLIOTECA BRITÁNICA
- BIBLIOTECA REAL DANESA
- BIBLIOTECA DO EMENTINUM (PRAGA) TOUR VIRTUAL
- BIBLIOTECA DE TIANJIN BINAÍ (CHINA)
- BIBLIOTECA NACIONAL DE BOSNIA E HERZEGOVINA (Viejenica)
- BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA: DOCUMENTO INFORMATIVO
- BIBLIOCERVO: ligazón 1, ligazón 2

AQUÍ IREMOS INCORPORANDO AS NOVAS PRODUCCIÓNS E SITUANDO TEMPORALMENTE CADA

MURO COLABORATIVO





1. **Tarefas encamiñadas á súa alfabetización mediática e informacional** a través de multiplicidade de recursos por diferentes canles e de diferentes tipoloxías para acadar os obxectivos plantexados con carácter xeral e os criterios de avaliación propostos sobre os diferentes ámbitos do coñecemento anteriormente descritos. Polo tanto, análise e tratamento da información e proceso reflexivo encamiñado ao deseño e elaboración de diferentes **produtos finais** para cada unha das etapas obxecto de estudo, como: os inicios da nosa historia: a [árbore xenealóxica](#), presentacións colaborativas con openoffice impress e CANVA sobre A Prehistoria, Monumentos romanos en Hispania, infografías sobre a Guerra Civil Española, Quen é quen na Idade Moderna, deseño de kahoots colaborativos...; mapas de [Visual Thinking sobre a I e a II Guerra Mundial e España, un país democrático](#), Lapbook sobre a antiga civilización exipcia, Libros Medievais onde se recollen a comparativa entre a sociedade dos reinos cristiás e dos reinos musulmáns... Todas estas tarefas estiveron relacionadas con outras complementarias como obradoiros, saídas pedagóxicas...[\(Fotos\)](#)

2. **ALFIN sobre a EVOLUCIÓN DA ESCRITURA e a HISTORIA DAS BIBLIOTECAS.** A través do doc. PUCA QUERE SABER SOBRE...e desenvolvemento dun **OBRADOIRO DE ESCRITURA EXIPCIA con ARXILA.**



3. **Que é a arqueoloxía?** Investigamos na aula e logo fixemos unha visita posterior ao [CASTRO DE RUETA](#), sito no Concello de Cervo; onde durante o 1º trimestre os arqueólogos do **Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC)**, que encabezaban o proxecto da man da asociación **Mariña Patrimonio** e en colaboración co **Concello e Vicepresidencia de la Diputación** estiveron facendo estudos e realizáronnos unha visita guiada onde explicaron ao alumnado como era o castro e como estaban a desenvolver a investigación xeofísica. O alumnado elaborou **NOTICIAS XORNALÍSTICAS** para o noso xornal NIN QUITO NIN POÑO.
4. **Visita pedagóxica guiada cun historiador** ao casco antigo [de SAN CIBRAO, o CASTRO DA ATALAIA, as FABRICAS DE SALGADURA e O MUSEO DO MAR](#) para relacionar os conceptos

VISITAMOS SAN CIBRAO

Hoxe, martes, 29 de novembro do 2022, o alumnado de 3º, 4º, 5º e 6º do CEIP de Cervo, visitan San Cibrao. Divídense en dous grupos: No primeiro estaban 3º e 4º e no



segundos 5º e 6º. Mentres que un grupo facía unha actividade o outro grupo o contrario, pero os

teóricos que imos adquirindo coa nosa contorna máis próxima. O alumnado recompilou o aprendido [nun Padlet](#) e no noso xornal.





5. **Visita pedagóxica ao TEATRO ROMANO de Cartagena (Murcia) e OBRADOIRO HISTÓRICO SOBRE OS CARTAXINESES E ROMANOS.** Aproveitando que o noso ciclo está a participar nun programa do MEC chamado “Agrupaciones de Centros escolares” co proxecto “[Nuevos espacios para una educación inclusiva](#)”, e que tiñamos unha saída a Cartagena co alumnado no mes de abril, organizamos unha xornada para visitar o seu Teatro. Tamén participaron nun obradoiro sobre a historia dos Cartaxineses e os Romanos na cidade. Isto serviulles para contextualizar as aprendizaxes.
6. **Participación na CODEWEEK eu: as linguaxes de programación:** como cada curso o noso ciclo participou nesta proposta europea poñendo o noso cole no mapa europeo da programación. A través desta tarefa o alumnado entende que existen múltiples linguaxes e códigos de escritura e a linguaxe de programación con Scratch é unha delas. Así, aprendimos a programa os nosos propios videoxogos con Scratch e xogos de preguntas e respostas.
7. **Lectura e plans lectores** de “MAXIA DE PEDRA” en LG e “EL HILO DE CLARA” e “EL LADRÓN DE MINUTOS” en LC.
8. **Evolución do concepto de biblioteca: Como se di noutras linguas?** A través do Puca quere saber incidimos na evolución do concepto e utilidade das bibliotecas ao longo dos séculos e aprenderon a escribir biblioteca noutras linguas e crearon cartaces visuais para a nosa SALA do museo.
9. **Visita pedagóxica á Biblioteca de Galicia e ao Arquivo na Cidade da Cultura en Santiago de Compostela.** [\(Fotos\)](#)
10. **Elaboración dun XOGO “INTERACTIVO” AS EMOTICONAS:** demostraron que sirven como sistema de comunicación a través dos cales podemos transmitir as nosas emocións nunha linguaxe escrita informal á que están habituados.
11. **ALFIN sobre a HISTORIA DAS BIBLIOTECAS e LIÑA CRONOLÓXICA.** Cada alumno/ elaborou unha FICHA da biblioteca elixida á que ligou un código QR que levaba a unha AUDIOGUÍA ACCESIBLE feita con AUDACITY por eles mesmos/as a partir da grabación e edición dun podcast. Logo atendendo á cronoloxía histórica que xa coñecían polo traballo previo realizado situaron na LIÑA DO TEMPO cada





unha das súas bibliotecas. Esta LIÑA DO TEMPO atopábase na [SALA DA HISTORIA DAS BIBLIOTECAS](#) do [MUSEO DAS LETRAS](#). Ademais creamos un **LIBRO COLABORATIVO** onde se recollía este traballo e que pasou á sección de



produccións propias de Bibliocervo. Posteriormente foron eles mesmos os que [exerceron de comisarios da exposición e guías museísticas](#) durante as xornadas de portas abertas do museo a toda a comunidade educativa.

12. Ademais das actividades anteriores, que foron específicas de ciclo, tamén levamos a cabo aquelas de carácter máis global do MUSEO DAS LETRAS e **investigamos sobre os útiles e soportes de Escritura e a orixe das palabras, diferentes tipos de bibliotecas, tipografías...** aínda que correspondía a outras SALAS do museo e polo tanto a outros ciclos. Participamos tamén en todos os [OBRADOIROS INTERNIVEL](#) propostos ao longo do curso como o de elaboración dos disfraces de [ENTROIDO](#) caracterizándonos de diferentes etapas da evolución da lingua escrita: Civilización Eixpica, Grega, Romana, xornalismo actual...

f) Recursos utilizados, así como unha enumeración detallada das principais fontes consultadas para a investigación.

Para facilitar o acceso aos recursos e ás fontes de consulta dixitais, centralizámoslos no Entorno Virtual de Aprendizaxe que nos ofrece E_Dixgal e tamén fixemos exposición temática periódicas dentro das nosas aulas atendendo ás temáticas traballadas en cada fase do proxecto. Da mesma maneira incluíronse recursos bibliográficos axeitados nas mochilas viaxeiras dos seus niveis, elaboráronse e adaptáronse outros de Aula Planeta e Netex SmartClassroom e elixíronse libros axeitados da biblioteca dentro dos ITINERARIOS LECTORES, así como para o traballo nas áreas lingüísticas.

- **Libros de lectura de Lingua Galega (Maxia de pedra) e Lingua Castelá (El Hilo de Clara):**





● Itinerarios Lectores de 5º e 6º de EP:



● Exposicións temáticas temporais dentro das aulas acerca das diferentes etapas históricas:



- Materiais de elaboración propia e outros adaptados de Aula Planeta/SmartClassroom (E_Dixgal) e ARASAAC.
- [Viaxe a Ítaca | Blogue para @s alumn@s de Xeografía e Historia \(viaxeaitaca.com\)](http://viaxeaitaca.com) e viaxeaitaca.net

g) Implicación da comunidade educativa, no seu caso.

Resultou imprescindible a implicación da comunidade educativa para desenvolver este proxecto. As familias estiveron informadas da temporalización das diferentes fases e actividades a través das xuntanzas conxuntas trimestrais que realizamos e do propio entorno virtual de aprendizaxe e apoiaron o proceso en todo momento. De feito a asistencia ás XORNADAS DE PORTAS ABERTAS do MUSEO DAS LETRAS foi moi alta durante os días 19 e 20 de xuño, para as visitas das familias polas tardes, o cal nos satisface profundamente.

Tamén resultou vital a coordinación e a colaboración con outros membros da CE e de fóra dela para a organización das diferentes actividades complementarias citadas anteriormente e a consecución de recursos,





dende as familias, ata o Concello, a Deputación de Lugo e a súa Rede Museística, o propio CESIC, a asociación Mariña Patrimonio, Mestres xubilados, profesorado dos centros da Agrupación Escolar do CEP Antonio de Ulloa de Cartagena, a Asociación Cartagineses e Romanos ... e, moi especialmente, a implicación dos diferentes **equipos docentes** e o profesorado que os conforma, cun papel protagonista do **EQUIPO DE BIBLIOTECA**, que foi o instrumento facilitador deste proxecto de investigación de xeito coordinado con 3º ciclo de Primaria e nos facilitou os recursos persoais, materiais e técnicos que se precisaron en cada momento e que complementaron aqueles do propio **proxecto E_Dixgal**.

h) Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

A difusión dos traballos fíxose, principalmente, a través do propio Entorno Virtual de Aprendizaxe e das postas en común en gran grupo. Tamén do noso BLOG e das diferentes redes sociais (Twitter e Instagram). Tamén se mostraron os traballos no propio colexio, con diferentes exposicións sobre as investigacións realizadas tanto na propia SALA DA HISTORIA DAS BIBLIOTECAS como na cortiza exterior das aulas de 5º e 6º de Primaria.

Outra plataforma de difusión, é o xornal anual “NIN QUITO, NIN POÑO”, onde se recollen parte das actividades realizadas durante o curso e que serve de elemento para a memoria de cursos vindeiros. A principio de curso, tamén introducimos materiais acordes ás temáticas obxecto de estudo nas Mochilas Viaxeiras de 5º e 6º. Tanto na memoria de ciclo, na memoria das agrupacións escolares como na memoria da biblioteca se recollen algunhas destas actividades e todas se inclúen na MEMORIA XERAL ANUAL para a inspección educativa e máis lese no seo do consello escolar

i) Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave do currículo, entre outros aspectos. Procedementos empregados.

Realizouse en tres fases; unha avaliación inicial para valorar o punto de partida do alumnado e os recursos dos que dispoñíamos, unha avaliación contínua a través de todo o proceso para o que foron imprescindibles as xuntanzas do Equipo de Ciclo e tamén do Equipo de Biblioteca e unha avaliación final. Neste caso, para determinar si se cumpriron ou non os obxectivos, realizáronse postas en común. Acompañaban as postas en “UN PASEO AO LONGO DA HISTORIA: EVOLUCIÓN DA ESCRITURA E DAS BIBLIOTECAS”. 5º/6º EP





común cos produtos elaborados que se avaliaron a través de listas de cotexo ou rúbricas. Ademais avalíouse a través de cuestionarios dixitais como kahoots e de probas obxectivas atendendo aos criterios de avaliación propostos.

No tocante á posta en común realizada no MUSEO DAS LETRAS, na SALA DA HISTORIA DAS BIBLIOTECAS, tomouse como referencia a avaliación realizada polo Equipo de Biblioteca ás familias, profesorado e alumnado, no que se recolle que o grado de satisfacción foi alta así como a participación das familias. Valoramos moi positivamente que con este proxecto o alumnado seguiu avanzando no traballo colaborativo, aprendeu a diversificar e analizar as fontes de información dun xeito autónomo e crítico e mellorou na comprensión e expresión escrita e oral. Incrementouse o seu nivel competencial, especialmente en canto á CD, CAA e CCL entre outras. Ademais potenciouse a súa creatividade e aprenderon novas técnicas como o Visual Thinking e sobre todo estiveron motivados ao longo de todo o proceso de E-A, mostrando curiosidade polas propostas que se lles realizaban.

j) Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

A biblioteca tivo un papel relevante no desenvolvemento do proxecto, xa que actúa de motor dinamizador e cultural da nosa comunidade. Ademais, dende que pertencemos ao PLAMBE, o proxecto interdisciplinar da biblioteca pasou a integrarse no proceso de E-A plenamente e a ser o núcleo de todas as actividades do centro e todo o claustro se implica na súa posta en práctica. Deste xeito, como Equipo de Ciclo concretamos as liñas prioritarias para os nosos niveis educativos, incluímos nas PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS e plantexamos un proxecto ligado e integrado no PDI xeral deste curso cunha finalidade común, que era deseñar a nosa SALA DA HISTORIA DAS BIBLIOTECA e para chegar aí pretendimos ofrecer os recursos, coñecementos e experiencias suficientes ao noso alumnado para que as aprendizaxes ao longo de todo o proceso resultaran significativas, inclusivas e contextualizadas.

CARTAFOL DRIVE CON MATERIAIS:

https://drive.google.com/drive/folders/1UBCb4gN3SyZyK2uo7eaTd6DyU0r2yTLB?usp=drive_link

Cervo, 29 de xuño de 2023

Belinda Blanco Fernández (COORDINADORA DE 3º CICLO DE PRIMARIA E MEMBRO DO EQUIPO DE BIBLIOCERVO)

